

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O PROXECTO DE CONSOLIDACIÓN DO I PLAN ESTRATÉXICO DA REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO 2020-2030 E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

Ricardo José Cao Abad, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (en diante UDC), que actúa en nome e representación dela, segundo o establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e no Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, do seu nomeamento.

D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), que actúa en nome e representación dela, segundo o establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e no Decreto 35/2022, do 17 de marzo, do seu nomeamento.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (en diante UVigo), que actúa en nome e representación dela, segundo o establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e no Decreto 10/2022, do 9 de xuño, do seu nomeamento.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento humano, e actuacións de formación, sensibilización, fortalecemento e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por medio dos instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes, públicos e privados, co criterio orientador de que as transferencias de coñecemento, a formación e a investigación inducen á innovación e ao desenvolvemento técnico nos países receptores e de toma de conciencia no noso país, coadxuvando desta forma á mellora na calidade de vida da poboación aquí e nos países socios.

Que dada a experiencia e capacidades que a Xunta de Galicia ten acumuladas na súa relación coas universidades galegas a través do apoio dado ao seu labor no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, por medio dos proxectos financiados a través de

diferentes convocatorias e dos convenios asinados nos últimos anos, considérase necesario seguir afondando no traballo conxunto.

Segundo.- As universidades galegas teñen personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e son consideradas como axentes de cooperación para o desenvolvemento na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Contan, así mesmo, con experiencia e competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento e Axenda 2030.

Terceiro.- A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, como ámbitos de actuación preferente da Cooperación Galega, a difusión nos espazos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento, as actuacións de sensibilización e formación para a concienciación da sociedade galega, e a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento. Pola súa banda, os Plans directores da cooperación galega apostan polo fortalecemento do papel das universidades para apoiar a formación e capacitación especializada e para a promoción da investigación na materia no ámbito universitario.

Cuarto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento e considera axeitado e conveniente contribuír e fomentar o traballo conxunto entre as tres universidades galegas, para a creación de sinerxías, con efecto a medio e longo prazo, fundamentalmente no eido da formación e capacitación e na actuación coordinada en función das prioridades dos Plans directores e da Axenda 2030.

Quinto.- O Sistema Universitario de Galicia (SUG) conta cunha ampla e diversificada experiencia en Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD), e o dito traballo coordinouse trala creación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), que durante estes últimos anos veu traballando profusamente, amais de asumir o reto de difundir e promocionar a Axenda 2030 nos campus universitarios, erixíndose como exemplo, e ampliando así o impacto e visibilidade do seu traballo entre as tres universidades galegas e de cara ao exterior, e á sociedade no seu conxunto. As universidades galegas teñen desenvolvido un proceso de reflexión estratéxica sobre como integrar a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible no seo das súas institucións. O resultado final é un documento, o I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030, resultado dun proceso participativo e de reflexión colectiva, que actuará de marco do conxunto de actividades da Rede durante a presente década.

En aras dunha nova etapa da CUD galega, considérase necesario manter o apoio a estas actuacións coa sinatura dun novo convenio a desenvolver ao longo dos anos 2024 e 2025 orientado á consolidación do Plan Estratéxico e consecución dos ODS.

A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica das entidades destinatarias da subvención que cumpre coas prioridades

sectoriais que recolle a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, así como a súa urxente posta en marcha, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexto.- Por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as tres universidades galegas para a execución do proxecto de consolidación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Para o presente bienio, vanse reforzar as seguintes liñas de acción:

- Reforzo de institucionalización da CUD e de localización da Axenda 2030 e os ODS integradas na RGCUD.
- Fomento da visibilidade da CUD na axenda institucional e dos equipos de goberno e xestión das universidades integradas na RGCUD.
- Consolidación do Plan formativo en Cooperación e Educación para o Desenvolvemento, e en Axenda 2030.
- Impulso das actividades de voluntariado e participación social da comunidade universitaria no eido da CUD, da Axenda 2030 e dos ODS.

Abordarase, ademais, unha liña de acción de mellora consistente en reforzar o coñecemento da RGCUD por parte das comunidades universitarias das tres entidades, e introduciranse novas liñas de acción como:

- Fornecer as sinerxías colaborativas entre as nosas Universidades e entre a RGCUD e as entidades sociais, así como o sector privado vinculado á cooperación.
- Consolidar o sistema de incentivos para a integración da CUD, a Axenda 2030 e ODS, nos plans de estudo de grao e de posgrao e nos procesos de docencia universitaria.
- Definir unha folla de ruta que permita iniciar un recoñecemento formal da comunidade universitaria vinculada a accións de desenvolvemento.

SEGUNDA.- Obrigas das universidades galegas

As tres universidades galegas deberán:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 15.000,00 € para a execución do proxecto, repartidos a partes iguais entre as tres universidades, para gastos de persoal.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.

4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, as universidades comprométense a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e do sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, mediante declaración asinada, previamente ao cobro de calquera dos pagamentos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.
11. Asumir a partes iguais os compromisos de execución do convenio.

TERCEIRA.- Acordo de colaboración entre as universidades

Para garantir a operatividade deste convenio, as tres universidades teñen asinado con data 29 de maio de 2024 un acordo de colaboración, no que fan constar que, a efectos de notificacións, comunicacións, pagamentos e presentación de informes, será a Universidade da Coruña quen asuma o liderado ante a Xunta de Galicia e será o órgano xestor da subvención concedida, sendo tamén a Universidade da Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela responsables solidarias ante a Xunta de Galicia.

CUARTA.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto que é de noventa e cinco mil euros (95.000,00 €) abonará á Universidade da Coruña, por asumir o liderado ante a Xunta de Galicia consonte ao establecido na cláusula anterior, a contía máxima de oitenta mil euros (80.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 35.07.331A.444.0. e distribución seguinte:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2024	Anualidade 2025
35.07.331A.444.0	40.000,00	40.000,00

As universidades poderán recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura das universidades, que asumirán os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

QUINTA.- Pagos e anticipos

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da Universidade da Coruña, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima da anualidade 2024, de acordo co previsto no artigo 94.3 a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos na execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración de cada unha das universidades implicadas, do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación, a través de declaración de cada unha das universidades implicadas, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pago da subvención da anualidade 2025 efectuarase mediante pago anticipado, unha vez xustificada a anualidade anterior segundo o disposto na cláusula seguinte e previa petición da Universidade da Coruña.

Xunto a esta solicitude achegaranse nos mesmos termos tanto a declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin como a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social mencionados arriba para o pagamento da primeira anualidade.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Universidade da Coruña indique mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

SEXTA.- Xustificación dos pagamentos

Conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a primeira anualidade xustificarse coa documentación que se sinala a continuación dentro do primeiro trimestre do ano 2025, e con data límite 31 de marzo 2025:

Para a xustificación da anualidade 2024 a Universidade de A Coruña deberá presentar:

- Informe anual sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación dos gastos realizados e pagados na anualidade 2024, emitida pola Intervención ou o órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, conforme co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificación sobre os custos administrativos e de xestión.

A xustificación final efectuarase por parte da Universidade da Coruña mediante a presentación da xustificación da execución das actividades subvencionadas, nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite do 30 de novembro de 2025.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos realizarase de conformidade co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007. Para isto, a Universidade da Coruña deberá presentar:

- Informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos, acompañado pola Táboa de medición dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC).
- Certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada.

- Certificación da totalidade dos gastos realizados e pagados na execución deste convenio, conforme co que estable no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificación sobre os custos administrativos e de xestión.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de cada unha das universidades, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SÉTIMA.- Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

OITAVA.- Publicidade

As universidades obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. Os logotipos serán facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

NOVENA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante de cada unha das tres universidades.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

DÉCIMA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento dalgunha das tres universidades.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2025.

Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2024, axustándose ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DUODÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no

mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Reintegro por incumprimento

Se as entidades beneficiarias incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

De acordo co que estable o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os compromisos de execución serán asumidos a partes iguais por cada unha das tres Universidades.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DECIMO QUINTA. - Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DÉCIMO SEXTA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO SÉTIMA. – Protección de datos

As partes comprométense a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no

que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais proporcionados polas partes para a sinatura do presente convenio incluíranse nos respectivos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Os devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio. Os datos persoais dos asinantes deste convenio, necesarios para a sinatura do presente convenio poderán ser obxecto de publicación pola normativa de transparencia e cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste convenio.

No caso de que unha das partes tivese que xestionar datos por conta doutra das partes deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no convenio. Neste caso a transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaación de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do contrato de encargado de tratamento se así o considera oportuno a outra parte, podendo ser resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumpridora. Formalizado o contrato de encargado de tratamento entre partes deste convenio non se poderá subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, agás consentimento escrito.

As partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.

O titular dos datos persoais poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable. En particular:

- Para a Xunta de Galicia, deberá dirixirse por escrito indicando "Protección de Datos" e acreditando a súa identidade, na seguinte dirección: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>
- Para a Universidade de Santiago de Compostela deberá realizar a solicitude a través da Sede Electrónica ao seguinte enderezo: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>
- Para a Universidade da Coruña: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/
- Para a Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/proteccion-datos-0>

As partes non cederán a terceiros os datos persoais agás que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados serán informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar coas seguintes direccións:

- Para a Xunta de Galicia: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>
- Para a Universidade de Santiago de Compostela: protecciondatos@usc.gal
- Para a Universidade da Coruña: [UDC: dpc@udc.gal](mailto:dpc@udc.gal)
- Para a Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/proteccion-datos-0>

Igualmente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO OITAVA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente polas partes na data indicada.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Diego Calvo Pouso

O REITOR DA
UNIVERSIDADE DA
CORUÑA

O REITOR DA
UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

O REITOR DA
UNIVERSIDADE DE VIGO

Ricardo José Cao Abad

Antonio López Díaz

Manuel Joaquín Reigosa Roger

ANEXO

1.- OBXECTIVOS E RESULTADOS DO PROXECTO

OBXECTIVO XERAL: Consolidación da RGCUD como referente do traballo en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento e especialmente na educación para a cidadanía global, así como na implementación da Axenda 2030 e os seus ODS nas comunidades universitarias das tres universidades do SUG que garanta a coherencia de políticas nas institucións educativas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Consolidación do impacto das actividades da RGCUD entre a comunidade universitaria a través da formación, da mellora na comunicación e do recoñecemento curricular, a través de distintas ferramentas de difusión que favorezan o interese polo traballo en materia CUD.

RESULTADOS:

- R1: As universidades públicas galegas incorporan de maneira transversal os principios, valores e obxectivos do desenvolvemento humano sustentable á gobernanza, planificación e xestión universitaria.
- R2: As universidades públicas galegas inclúen na formación da comunidade universitaria as competencias e contidos relacionadas co desenvolvemento sustentable, equitativo e incluso necesarios para a construción dunha cidadanía global activa, crítica e comprometida coa transformación social positiva.
- R3: As universidades públicas galegas promoven a xeración e transferencia de coñecemento ao servizo do desenvolvemento sustentable e da visión, retos e desafíos da Axenda 2030 en todas as súas esferas (persoas, prosperidade, planeta, paz e alianzas).
- R4: RGCUD fortalece a súa capacidade institucional.
- R5: A comunidade universitaria e a cidadanía galega acceden a información de calidade sobre os logros colectivos no eido da CUD e da consecución dos ODS por parte das Universidades públicas galegas.

2.- FINANCIAMENTO

	Xunta de Galicia		Universidades		Total Xunta	Total Proxecto
Concepto	2024	2025	2024	2025		
Persoal			7.500,00 €	7.500,00 €		15.000,00 €
Consumibles	1.986,66 €	1.449,00 €			3.435,66 €	3.435,66 €
Viaxes e dietas	2.957,34 €	2.356,00 €			5.313,34 €	5.313,34 €
Honorarios	9.710,00 €	7.915,00 €			17.625,00 €	17.625,00 €
Consultoría, asistencia e comunicación	18.916,00 €	22.230,00 €			41.146,00 €	41.146,00 €
Premios	1.500,00 €	1.500,00 €			3.000,00 €	3.000,00 €
Outros gastos	930,00 €	550,00 €			1.480,00 €	1.480,00 €
Custos administrativos e de xestión	4.000,00 €	4.000,00 €			8.000,00 €	8.000,00 €
TOTAL	40.000,00 €	40.000,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €	80.000,00 €	95.000,00 €